


Documentos:

- Solicitud do paso a funcionario en situación de servizos especiais. 1 de outubro de 1999
- Escrito do Parlamento de Galicia segundo o que Xosé Manuel Beiras pasa a recibir salario da institución. 22 de outubro de 1999.
- Documento de avaliación docente da Universidade de Santiago de Compostela coas funcións exercidas na mesma por Xosé Manuel Beiras. 29 de febreiro de 2000.
- Escrito da mesma universidade en que se informa da reincorporación de Xosé Manuel Beiras ao servizo activo como profesor no departamento de Economía Aplicada da Facultade de Ciencias Económicas. 30 de xaneiro de 2004.
- Escrito da Universidade compostelá que informa do inicio de procedemento de xubilación de Xosé Manuel Beiras. 26 de xuño de 2006.
- Escrito da mesma universidade que informa do contrato como profesor emérito de Xosé Manuel Beiras. 1 de outubro de 2006.




EXCMO. SR.:

XOSÉ MANUEL BEIRAS TORRADO, Catedrático desa Universidade, con N.R.P. 3303170724A0500, expón:

Que de acordo co establecido na Lei 30/1984, da Función Pública, así como na Lei 5/1985 do Rexime Eleitoral Xeral, e na Lei 15/1992 que modifica a Lei 8/1985 de Eleicións ao Parlamento de Galiza, que dispón a posibilidade para os cargos electos de pasar á situación de servizos especiais e, sendo o que suscribe deputado no Parlamento de Galiza (adxuntase certificado), ten previsto dedicarse en rexime de exclusividade ao desempeño do cargo para o que foi electo no seu día, solicítalle:

A toma en consideración do seu pase á condición de funcionario en situación de servizos especiais por razón de cargo electo, mantendo os dereitos e a adscrición que actualmente desempeña no seu posto de traballo nesa Universidade.

Santiago de Compostela, 1 de Outubro de 1999



EXCMO. SR. REITOR DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.



Co fin de poder adicarse en exclusividade ás tarefas propias da súa condición de deputado do Parlamento de Galicia, o catedrático D. JOSÉ MANUEL BEIRAS TORRADO solicitou e obtivo a declaración de pase á situación de Servicios Especiais na devandita Universidade, con efectos do día 6 de outubro de 1999.



A partir desa data o Sr. Beiras Torrado percibirá as súas retribucións do Parlamento de Galicia, a excepción dos trienios que teña recoñecidos, os cales deberán ser satisfeitos por esa Universidade ó non consignarse crédito para tal finalidade no presuposto desta Cámara Lexislativa, o que xustifica a excepción prevista no artigo 10 do Real decreto 730/1986, do 11 de abril e no artigo 5º e) do Decreto 92/1991, de 20 de marzo da Xunta de Galicia.



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

VICERRECTORADO DE PROFESORADO

AVALIACIÓN DOCENTE
ANO 1999

SOLICITUDE DE AVALIACIÓN DE MÉRITOS DOCENTES, PREVISTA NO ARTIGO 2.º, APARTADO 5.6 DO REAL DECRETO 1.086/1989, DO 28 DE AGOSTO DE 1989, SOBRE RETRIBUCIÓNS DO PROFESORADO UNIVERSITARIO.

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
REGISTRO XERAL
29 FEB. 2000
ENTRADA

I. SOLICITANTE

Apelidos: BEIRAS TORRADO Nome: XOSE MANUEL

N.º Rexistro de Persoal: 3303170724A0500 D.N.I. n.º: 33.031.707

Domicilio: AGUIAR - 15865 - BRION Cidade: _____

Departamento: ECONOMIA APLICADA

Centro: FACULTADE DE CIENCIAS ECONOMICAS E EMPRESARIAIS

Corpo de profesorado ó que pertence na actualidade: CATEDRÁTICO

II. SERVICIOS DOCENTES PRESTADOS NA UNIVERSIDADE PÚBLICA ESPAÑOLA ATA O 31 DE DECEMBRO DE 1999

a) EN RÉXIME DE INTERINIDADE OU DE CONTRATO:

Categoría Docente	Data Inicio	Data Remate	Réxime de Adicación	Universidade
Prof. Axudante Becario Clas.Prát.	1958-1959	1959		Santiago
Profesor Axudante Clases Práticas	1960	1963		Madrid. (hoxe Complutens)
Prof. Adxunto Provisional	01-10-65	30-09-67	Plena	Santiago
Profesor Adxunto	01-10-67	30-09-68	Plena	Santiago
Profesor Encargado Cátedra	01-10-68	30-09-69	Exclusiva	Santiago
Profesor Encargado Cátedra	01-10-69	07-05-70	Exclusiva	Santiago

b) EN RÉXIME DE FUNCIONARIO DE CARREIRA:

Corpo Docente	Data Posesión	Data Remate	Réxime de Adicación	Universidade
Catedrático	08-05-70	05-10-99	Exclusiva	Santiago

Data inicio Servicios Especiais: 06-10-99




**UNIVERSIDADE DE
SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Servicio de Xestión de Persoal
Sección de Xestión de Profesorado

Casa da Balconada
Rúa Nova, 6

15782 Santiago de Compostela
Tel. 981 572 500 • Fax 981 565 901



Con motivo da súa reincorporación ó servizo activo con efectos do día 1 de febreiro de 2004, remítolle impreso Modelo 145 de retencións sobre rendementos do traballo, Anexo nº 1 de declaración de non estar afectado de incompatibilidade e impreso de datos bancarios para facer efectiva a súa nómina.

Unha vez asinado por vostede remítao coa maior brevidade posible á seguinte dirección:


Sección de Xestión de Profesorado
CASA DA BALCONADA
RUA NOVA Nº 6
SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santiago de Compostela, 29 de xaneiro de 2004.

A XEFA DO SERVIZO DE XESTION DE PERSOAL

Rosa M^a Fernández Somoza

D. XOSÉ MANUEL BEIRAS TORRADO
DPTO. DE ECONOMÍA APLICADA
FACULTADE DE CIENCIAS ECONÓMICAS E EMPRESARIAIS
SANTIAGO DE COMPOSTELA



Con data 9 de maio de 2006 enviúselle a documentación necesaria para iniciar o procedemento da súa xubilación. Tendo en conta que a demora no envío da dita documentación á Dirección Xeral de Costes de Persoal e Pensións Públicas do Ministerio de Economía e Facenda, pode conlevar un retraso na resolución da súa pensión, é por iso que lle recordamos que nos envíe os impresos, o mais axiña posible, para a súa correcta tramitación.

Santiago de Compostela, 23 de xuño de 2006

A xefa do Servizo de Xestión de Persoal



Rosa M^a Fernández Somoza

D. Xosé Manuel Beiras Torrado
Dpto. Economía Aplicada
Fac. Cc. Económicas e Empresariais
Santiago de Compostela

Remítolle o contrato asinado por vostede como profesor emérito
con efectos do 01/10/2006.

Santiago de Compostela, 5 de outubro de 2006.

A XEFA DO SERVIZO DE XESTION DE PERSOAL



Rosa María Fernández Somoza

Don Xosé Manuel Beiras Torrado
Dpto. de Economía Aplicada
Facultade de Cc. Económicas e Empresariais
Santiago de Compostela